



### CONCELLOS

#### LUGO

##### Anuncio

Por medio do presente faise público que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día 10 de OUTUBRO de 2018, adoptou, entre outros, o acordo número 13/576, polo que se **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Que se proceda á convocatoria para o exercicio 2018 de subvencións a asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no eido dos servizos sociais para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial e para o mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que se levan a cabo estes programas e actividades de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto de 38.000 € a que ascende o importe total das subvencións que se outorgarán por parte dos servizos sociais con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 ( RC 93361/2018)

**TERCEIRO.-** Que se proceda á aprobación das correspondentes bases; esta convocatoria rexerese polo establecido nas seguintes BASES XERAIS REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE **NO EIDO DOS SERVIZOS SOCIAIS** , PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL E SECTORIAL E PARA O MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DAS INFRAESTRUTURAS NAS QUE SE LEVAN A CABO ESTES PROGRAMAS E ACTIVIDADES. EJERCICIO ECONÓMICO 2018.

#### Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións por parte dos Concello de Lugo, no eido dos servizos sociais, a entidades xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento, durante o exercicio económico de 2018, de programas e actividades que beneficien a colectivos do termo municipal de Lugo que se encontren en situación de desvantaxe, así como para o mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que se levan a cabo os ditos programas e actividades.

Existen pois dúas liñas de subvención:

- Para desenvolvemento de programas e actividades
- Para mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestrutura.

Só se recibirá subvención para unha única liña de subvención de xeito que de solicitarse para as dúas coa correspondente presentación dos Anexos II e III o órgano municipal competente decidirá cal é a liña que recibirá, se é o caso, subvención.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento e demais normativa legal de aplicación.

#### Artigo 2. *Requisitos para ser Entidades beneficiarias de subvención.*

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades xurídico-privadas sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Lugo. Con carácter excepcional, tamén poderán incluírse aquelas entidades foráneas que pretendan executar, dentro deste termo municipal, un proxecto para o desenvolvemento de accións ou actividades que beneficien as veciñas e veciños de Lugo que se encontren en situación de desvantaxe. Este punto acreditarase a través dunha memoria que se achegue para os efectos.
- Figurar inscritas no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Lugo ou no seu caso no Rexistro público de Fundacións ou calquera outro rexistro público que proceda.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social. No momento da solicitude da subvención, este aspecto poderá quedar acreditado para estes efectos, coa

declaración responsable incluída no Anexo IV destas bases, e no momento da xustificación da axuda deberá acreditarse mediante a presentación das certificacións ás que se refire o parágrafo f) do artigo 10 destas bases.

d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Ter xustificadas debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.

f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos en situación de desvantaxe: xoves menores de 25 anos demandantes do primeiro emprego e que abandonaran prematuramente a formación regrada ou que presenten fracaso escolar; persoas paradas de longa duración, familia, infancia, persoas maiores, discapacitadas físicas, psíquicas e sensoriais, reclusas e/ou ex- reclusas; marxinadas sen fogar e transeúntes, toxicómanas (alcohólicas e drogodependentes), refuxiadas e asiladas, inmigrantes, enfermas psiquiátricas non institucionalizadas, enfermas terminais, etc., e minorías étnicas. Así como actividades e/ou programas que complementen a programación de animación sociocultural realizada dende o Concello de Lugo.

g) Non percibir, durante este exercicio económico, subvención municipal algunha das previstas nominativamente en 2018.

h) Non poderán solicitar subvención por un importe superior ao 95 % do custo total da acción para a que solicita subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 5 % restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras. A esixencia de xustificación de gastos referente ao 5% refírese ao 5% do orzamento da actividade presentada con independencia do gasto efectivo total devengado.

i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva.

### **Artigo 3. Créditos orzamentarios e contía das subvencións**

No orzamento municipal para o exercicio de 2018 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Servizo	Partida orzamentaria	Importe
Servizos Sociais	231 79.48900	38.000 €

### **Artigo 4. Forma e prazo de presentación de solicitudes**

- As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

- O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días hábiles, contados ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP, por conducto da BDNS. O seu texto íntegro publicarase no boletín oficial da provincia (BOP), no Taboleiro de Edictos e na paxina web do Concello de Lugo; se ben a publicación do extracto da convocatoria no BOP, por conducto da BDNS, será a data que se terá en conta para os efectos de presentación de solicitudes.

### **Artigo 5. Documentación a achegar coas solicitudes de subvención**

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación; agás que esta xa estivera en poder do Concello por tela presentada en anteriores convocatorias e estar plenamente actualizada. Neste caso deberán facer constar na solicitude esta circunstancia xunto coa data da súa presentación, expediente no que se atopan eses documentos e dependencia ou órgano ante o que se presentou.

#### **a) Asociacións inscritas no Rexistro municipal de asociacións**

- Solicitude conforme modelo do **ANEXO I** destas Bases.

- Fotocopia do DNI da persoa que actúa como representante, así como documento acreditativo desta representación.

- No caso de subvencións solicitadas para o desenvolvemento de proxecto, actividade ou programa, deberán presentar unha memoria explicativa, segundo o **ANEXO II**.

- No caso de subvencións solicitadas para financiar gastos de mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas da asociación ou entidade, deberase xuntar unha memoria, segundo o **ANEXO III**

- Declaración responsable conforme modelo do **ANEXO IV** destas bases - Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante.

- Certificación da secretaría da entidade, na que conste a existencia ou departamento de muller e igualdade, se fose o caso.

- Acordos ou actas da entidade acreditativas do funcionamento das vogalías ou departamentos específicos de muller.
- Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.

**b) Asociacións non inscritas no Rexistro municipal de asociacións ou outras entidades públicas.**

Deberán achegar a maiores da documentación sinalada anteriormente a seguinte documentación:

- Copia dos estatutos da entidade co selo do rexistro público correspondente.
- Se a entidade é unha fundación, deberá achegar acreditación de estar inscrita no Rexistro de fundacións da Xunta de Galicia ou estatal ou en ambos os dous.
- Se a entidade é de índole relixiosa, deberá achegar acreditación de estar inscrita no Rexistro de entidades relixiosas da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións ou en calquera outro rexistro público que a acredite como tal.
- Fotocopia do CIF da asociación ou entidade solicitante.

O Concello poderá solicitar, se así o estima oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente.

**Artigo 6. Procedemento de tramitación e resolución das subvencións. Prazo de resolución**

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro xeral de entrada, seranlles remitidas a Servizos Sociais para a súa tramitación e resolución.

- Comisión de avaliadora.

Composición:

PRESIDENTE/A:

Un/ha técnico/a adscrita ao servizo de Benestar social Igualdade e Inclusión ou persoal que o substitúa.

VOGAIS:

Un/Unha técnico/a do servizo de servizos sociais ou persoal que o substitúa.

Titular do órgano de apoio a Xunta de Goberno Local ( Vicesecretaría) ou persoa que o substitúa.

Un/ha técnico/a do Servizo de Intervención ou persoal que o substitúa.

SECRETARIA: Un/unha funcionario/a municipal que actuará, con voz e sen voto e que levantará acta da xuntanza da comisión avaliadora.

Son funcións desta Comisión Avaliadora emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada á vista dos expedientes e en aplicación dos criterios de valoración establecidos no artigo 8 destas Bases

- Órgano instructor: Será un técnico/a do Servizo Municipal de Servizos Sociais.

Son funcións do órgano instructor:

- Requirirlle á entidade solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.
- Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para una mellor valoración das solicitudes.
- Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.
- Formular proposta de resolución , á vista do ditame da Comisión Avaliadora, e elevala ó organo competente para resolver.

No referente ao órgano competente para a tramitación e resolución deste expediente, subvencións en réxime de concorrencia competitiva, a Xunta de Goberno Local resérvase, segundo acordo 4/455 de data sete de xullo de dous mil quince, o exercicio das atribucións referentes á concesión de subvencións ( disposición do gasto) nos expedientes de subvencións tramitados en réxime de concorrencia competitiva.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de SEIS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

- **Non se admite a reformulación** das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

- A **aceptación da subvención** concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

A existencia dalgunha circunstancia que implique a modificación da subvención deberá ser comunicada ó responsable dos Servizos Sociais Municipais e solicitada a modificación oportuna antes do prazo de realización da actividades aos efectos da autorización e modificación da resolución.

- As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado pola totalidade de entes ou organismos subvencionadores da actividade poida superar o 95% do custo total da actividade.

O 5 % do gasto proposto e orzamentado no proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola asociación ou entidade. No caso de que exista sobrefinanciamento, a/o beneficiaria/o deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

- As actividades obxecto de subvención poderán subcontratarse nos termos establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003, xeral de subvencións ata un límite do 50% do importe total da acvtidade subvencionada

En ningún caso poderá subcontratarse a realización da actividade a persoas ou entidades que se atopen nas circunstancias establecidas no artigo 29.7 da Lei Xeral de Subvencións.

#### **Artigo 7. Publicidade das subvencións concedidas**

Procederáse á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e normativa de aplicación.

#### **Artigo 8. Criterios de valoración e contía da subvención**

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

<b>Criterio de valoración</b>	<b>Puntuación</b>
Interese xeral da actividade ou programa. Valorarase especialmente a súa incidencia real na colectividade.	<b>Ata 3</b>
Especialización na atención a colectivos aos que vai dirixida a actividade.	<b>Ata 2</b>
Carácter permanente e continuo da actividade ou programa.	<b>Ata 1</b>
Que se trate de entidades ou asociacións que presenten, a xuízo da comisión de avaliación unha traxectoria de coordinación e colaboración nas súas actuacións co Concello.	<b>Ata 1</b>
Orixinalidade e carácter innovador da actividade.	<b>Ata 1</b>
Que se trate de actuacións dirixidas a colectivos en especial situación de desvantaxe ou con especiais dificultades de inserción social.	<b>Ata 3</b>
Que a entidade conte cunha vogalía ou departamento de muller ou igualdade.	<b>3 puntos</b>
Que se trate de programas en zonas do municipio con menor incidencia da acción e participación social, fundamentalmente na zona rural.	<b>Ata 2</b>
<b>Puntuación máxima</b>	<b>16</b>

A puntuación máxima outorgable será de 16 puntos. Para obter subvención será imprescindible acadar ou superar o 30% da puntuación máxima esixida. ( 4,80 puntos)

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario achar o valor punto. Para isto, divídese o importe total para repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas.

A cantidade para outorgar a cada entidade será a resultante de multiplicar o valor punto polo número de puntos obtidos por esta, sen que poida superar individualmente os 3.500 €.

Se a cantidade resultante desta operación fose superior á subvención solicitada e subvencionable, concederáselle esta última. O importe sobrante distribuírase con idéntico criterio.

#### **Artigo 9. Gastos subvencionables**

1. Consideráanse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada **e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.**
2. Serán subvencionables os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade, tales como: alugamentos, gastos de transporte, gastos de pequena reparación, mantemento e conservación de bens propios ou alugados, adquisición de material non inventariable, subministracións (gas, electricidade, teléfono, combustible...), vestiario, produtos alimenticios, sanitarios, prestación de servizos culturais e outros gastos diversos como publicidade, imprenta, etc.

En todo caso as facturas que se aporten aos efectos de xustificar o importe da subvención concedida e referentes a gastos de combustible ou teléfono deberán ser identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención, ademáis no caso de combustible deberá presentarse documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola asociación ou entidade beneficiaria, a vinculación coa actividade subvencionada e a aplicación, íntegra ou parcial, do gasto á actividade ou programa subvencionado .

No referente aos gastos de aloxamento e desprazamento deberá identificarse persoas usuarias, motivo, lugar e vinculación coa actividade ou programa subvencionado.

3. Tamén serán subvencionables os gastos de persoal necesario para o desenvolvemento dos programas e actividades subvencionadas, ata un máximo do 30% do importe da subvención concedida.
4. As axudas de custo ou indemnizacións por razón do servizo terán como límite o 5% do importe da subvención concedida.

#### **5. Non serán subvencionables:**

- Os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.
- Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.
- Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. Terá esta consideración a organización de comidas, *catering* ou ceas.
- As dietas xenéricas nas que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto da subvención .

#### **Artigo 10. Xustificación do gasto e pagamento da subvención**

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ( dirixido aos Servizos Sociais Municipais) ou ben por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento:

a) **Memoria explicativa e detallada, deberá conter un contido amplo que permita a verificación da realización da totalidade da acción subvencionada,** segundo os modelos que figuran nestas bases como o **ANEXO V** para actividades e o **ANEXO VI** para mantemento. Deberase acompañarse e acreditarse con actas ou publicacións, reportaxes gráficos ou similares de xeral difusión ( folletos, carteis, libros, vídeos, CD-ROM, etc.), que se editasen ou publicasen en relación coa dita actividade.

No caso de que se xustifique a través de gastos de desprazamento/aloxamento deberá especificarse as persoas usuarias, motivo, lugar e vinculación coa actividade ou programa subvencionado. No caso de que se xustifiquen gastos de combustible deberá acreditarse a relación deste gasto coa actividade subvencionada e coa entidade beneficiaria da subvención ( identificación do vehículo así como a súa titularidade) e a aplicación íntegra ou parcial do gasto á actividade ou programa concreto subvencionado.

b) **Facturas orixinais** e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa incorporados, deberán axustarse a normativa legal e fiscal vixente ( Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación e se modifica o Regulamento do IVE, BOE de 29 de novembro de 2003) que se validarán e selarán cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación -na porcentaxe que corresponda en cada caso- da subvención concreta, de conformidade co que se estableza nas bases de execución do orzamento.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. No caso de facturas de máis de 2.500 euros deberán xustificarse a realización da transferencia bancaria.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. No caso de que estas cantidades superen os 300 € deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

c) Declaración responsable conforme o modelo do **ANEXO VII** destas bases.

d) Certificacións acreditativas de atoparse ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Facenda Autonómica, á Tesourería Territorial da Seguridade Social

A comprobación do cumprimento de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo realizarase de oficio polo Concello previa autorización.

e) Declaración responsable, se fose necesario, de que actividade, programa, obxectivo... para o que se concedeu a subvención vaia continuar desenvolvendo ata o día 31 de decembro do ano en curso; é dicir, que se van continuar cumprindo coas condicións impostas na concesión da subvención ata o día último día do presente exercicio económico (ANEXO VIII).

f) No caso de que entre o orzamento presentado no seu día e que foi obxecto de avaliación para a concesión da subvención e o realmente executado existan diferenzas, deberase achegar un informe explicativo destas, segundo os modelos que figuran nestas bases como ANEXO V para actividades e ANEXO VI para mantemento e deberá xustificarse a inexistencia de superávits de explotación.

#### **Artigo 11. Contía para xustificar**

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida máis o 5 % do custo total do proxecto presentado e orzamentado no seu día, dito 5% refírese ao 5% do orzamento da actividade presentada, con independencia do gasto efectivo total devengado, por canto ten incidencia na valoración da actividade.

#### **Artigo 12. Data límite para xustificar**

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do **30 de decembro** do exercicio económico de 2018.

No caso de que a documentación presentada en prazo teña dalgún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015. No caso de que non cumpra o dito requirimento, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso de aprobación da autorización e disposición de gasto e a esixencia de reintegro, de ser o caso.

En caso de que a entidade beneficiaria non presente os documentos xustificativos da realización da actividade subvencionada antes do prazo antes sinalado requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días hábiles, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións sen perxuízo das sancións que correspondan.

A presentación da xustificación neste prazo adicional de quince días non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria a conta facilitada polo perceptor da subvención.

O prazo máximo de pagamento será de trinta días a contar dende a contabilización da resolución pola que se produza o recoñecemento da obriga, agás circunstancias extraordinarias que deberán acreditarse no expediente e que poidan xustificar a ampliación deste prazo.

#### **Artigo 13. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias**

Serán obrigas das asociacións ou entidades beneficiarias das axudas as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións e ademais:

- A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., deberán figurar en idioma galego.

- Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.

- Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc., que se xeren que as actividades están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos...
- Comunicarlle ao Concello a realización da actividade para o coñecemento e, se é o caso, participación de responsables municipais.
- Comunicarlle ao Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondente ao ano 2018.

As asociacións ou entidades beneficiarias das axudas comprométense e obríganse a non utilizar a imaxe da muller como reclamo e/ou con connotacións de tipo sexual e á non denigración da súa imaxe.

#### **Artigo 14. Réxime de infraccións e sancións**

1-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas nos artigos 56,57 e 58 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV da dita Lei 38/2003.

4- A **presentación fóra de prazo límite da xustificación, considerarase unha infracción leve**, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

O 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra do prazo, con anterioridade a efectuar o requerimento adicional da xustificación.

O 20% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo adicional concedido no requerimento a que se refire o artigo 70.3 do Regulamento Xeral de Subvencións.

#### **ANEXOS NORMALIZADOS**

##### **Para solicitar subvención deberán presentar os anexos I,II,III e IV:**

ANEXO I.- Solicitud de subvención.

ANEXO II.-Modelo de Memoria en caso de solicitar subvención para o desenvolvemento de programas e actividades.

ANEXO III.- Modelo de Memoria en caso de solicitar subvención para gastos de mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas.

ANEXO IV.- Declaración responsable común a todas as solicitudes.

##### **Para xustificar a subvención, deberán presentar os ANEXOS V, VI, VII e VIII :**

ANEXO V - Memoria aos efectos de xustificar o desenvolvemento de programas e actividades.

ANEXO VI.- Memoria aos efectos de xustificar os gastos de mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas

ANEXO VII.- Declaración responsable

ANEXO VIII.- Modelo de declaración responsable de que actividade, programa, obxectivo... para o que se concedeu a subvención vaise continuar desenvolvendo ata o día 31 de decembro do ano en curso

**ANEXO I**

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ENTIDADES XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE **NO EIDO DOS SERVIZOS SOCIAIS** PARA O DESENVOLVEMENTO DE **PROGRAMAS E ACTIVIDADES QUE BENEFICIEN A PERSOAS E COLECTIVOS EN SITUACIÓN DE DESVANTAXE** E PARA O MANTENIMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DAS INFRAESTRUTURAS NAS QUE SE LEVAN A CABO ESTES PROGRAMAS E ACTIVIDADES. EXERCICIO ECONÓMICO 2018.

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO: FAX:	CORREO ELECTRÓNICO:

Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

ENDEREZO:		
CONCELLO:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

**DATOS DA ASOCIACIÓN/ENTIDADE**

NOME:		Nº REGISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS	
ENDEREZO SOCIAL:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
CARGO DA PERSOA SOLICITANTE:			
PERTENCE A UNHA FEDERACIÓN/AGRUPACIÓN? <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Si (indicar a cal):			

Importe da subvención solicitada (en euros)	
---	--

Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada, así como todos os compromisos e obrigas derivadas da lexislación aplicable e das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o exercicio en curso.

Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar das diferentes administracións públicas e/ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.



Autorízolle ao Concello de Lugo a comprobar que a entidade que represento se atopa ao corrente coas obrigas tributarias municipais.

Lugo,..... de ..... de .....

A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade)

A esta solicitude xúntase a seguinte documentación, que se presentará de acordo cos modelos dos ANEXOS según proceda:

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Fotocopia do DNI da persoa solicitante
- Copia do documento acreditativo da representación do solicitante.
- Memoria do programa de actividades (**ANEXO II**)
- Memoria dos gastos de mantemento e reparación de infraestrutura e equipamento ( **ANEXO III**)
- **ANEXO IV** ( Declaracion responsable)
- Certificación dos datos bancarios
- Certificación da/o secretaria/o da entidade, co visto e prace da/o presidenta/o da entidade, no que conste a relación de persoas que figuran na xunta directiva, así como as diferentes vogalías ou departamentos dela.

A MAIORES, AS ENTIDADES QUE NON FIGURAN INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS, DEBERÁN ACHEGAR:

- Copia dos estatutos ou documentos acreditativos da personalidade da entidade. *Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente.*
- Acreditación, de ser o caso, da inscrición no Rexistro de fundacións da Xunta de Galicia, no do Estado ou en ambos os dous.
- Acreditación , de ser o caso, da inscrición no Rexistro de entidades relixiosas da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións dependente da Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións ou en calquera outro rexistro público que as acredite como tal.
- Fotocopia do CIF da asociación ou institución que representa

**ANEXO II**

MEMORIA DO PROXECTO DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA QUE SE VAI DESENVOLVER DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2018

DENOMINACIÓN: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS: (detallar exactamente)

- En que consiste a actividade para a que se solicita a subvención.

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

- Interese xeral desta.

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

- Carácter permanente e continuo da actividade ou programa.

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

- Orixinalidade e carácter innovador, de ser o caso.

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

-Que se trata de actuacións dirixidas a colectivos con especiais dificultades de inserción social ou en situación especial de desvantaxe.

-----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----

- Que se trate de programas en zonas do municipio con menor incidencia da acción e participación social, fundamentalmente na zona rural.

-----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----

- Obxectivos que persegue:

-----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----

- Colectivo ao que se dirixen as actuacións (marque cunha cruz a opción ou opcións que procedan).

- XOVES MENORES DE 25 AÑOS DEMANDANTES DO PRIMEIRO EMPREGO E QUE ABANDONARAN PREMATURAMENTE A FORMACIÓN REGRADA OU QUE PRESENTEN FRACASO ESCOLAR.
- PARADAS/OS DE LONGA DURACIÓN
- FAMILIAS EN SITUACIÓN DE DESVANTAXE.
- INFANCIA EN SITUACIÓN DE DESVANTAXE.
- PERSOAS MAIORES EN SITUACIÓN DE DESVANTAXE.
- PERSOAS DISCAPACITADAS: FÍSICAS, PSÍQUICAS E SENSORIAIS.
- PERSOAS RECLUSAS E/OU EX-RECLUSAS.
- PERSOAS MARXINADAS SEN FOGAR E TRANSEÚNTES.
- PERSOAS TOXICÓMANAS (ALCOHÓLICAS E DROGODEPENDENTES).
- PERSOAS REFUXIADAS E ASILADAS.
- PERSOAS INMIGRANTES.
- PERSOAS ENFERMAS PSIQUIÁTRICAS NON INSTITUCIONALIZADAS.
- PERSOAS ENFERMAS TERMINAIS.
- MINORÍAS ÉTNICAS.

- Breve explicación dos motivos desta inclusión:

-----  
 -----  
 -----  
 -----

-----  
-----

-Breve explicación da especialización que posúa a entidade, na atención aos colectivos aos que vai dirixida a actividade:

-----  
-----  
-----  
-----  
-----

- Número de persoas beneficiarias (especificar o número de persoas beneficiarias directas e indirectas, idades aproximadas, características destas; número de homes e o de mulleres...):

-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----

- Calendario/ Duración do proxecto:

-----  
-----  
-----  
-----  
-----

- Lugar previsto para a realización das actuacións:

-----  
-----  
-----  
-----  
-----

- Recursos previstos para a execución do proxecto:

a) Recursos materiais:

-----  
-----  
-----  
-----  
-----

b) Recursos humanos:

-----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----

c) Recursos económicos (subvencións/ achega socias/os):

-----  
 -----  
 -----  
 -----

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES PREVISTOS E NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

RELACIÓN DE GASTOS	CONTÍA
- Gastos de alugamento.	
- Gastos de persoal (monitoras/es...).	
- Gastos de transporte (viaxes...).	
- Gastos ....	
...	
<b>TOTAL</b>	

- Importe da subvención solicitada:

-----  
 -----  
 -----  
 -----

Porcentaxe que representa en función do gasto:

-----  
 -----  
 -----  
 -----

-Importe financiable exclusivamente pola entidade (mínimo 5% do importe do gasto do proxecto presentado):

-----

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018  
 (DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.:-----

**ANEXO III**

**MEMORIA PARA GASTOS DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DAS INFRAESTRUCTURAS NAS QUE A ENTIDADE DESENVOLVE A SÚA ACTUACIÓN. EXERCICIO ECONÓMICO 2018**

- Breve explicación do gasto proposto:

-----  
-----  
-----  
-----

- Xustificación da necesidade do gasto:

-----  
-----  
-----  
-----

-Breve descrición das actividades que a entidade vai desenvolver durante o presente exercicio económico:

-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----

- Breve descrición do local onde se vai facer o gasto (número de metros cadrados, núm de habitáculos, distribución...):

-----  
-----  
-----

a) Localización:

-----  
-----  
-----  
-----

b) Equipamento actual:

-----  
-----  
-----  
-----

c) Réxime de posesión ou tenza do local:

-----  
 -----  
 -----  
 -----

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES PREVISTOS E NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:	
<u>RELACIÓN DE GASTOS</u>	<u>CONTÍA</u>
- Gastos de pequenas reparacións.	
- Gastos de mantemento e conservación de bens propios ou alugados.	
- Gastos de material non inventariable.	
- Gastos de limpeza.	
- Gastos de gas, electricidade, teléfono, combustible.	
- Gastos de vestiario de traballo.	
- Gastos de produtos alimenticios, sanitarios...	
- Gastos de publicidade, imprenta...	
<u>TOTAL</u>	

- Importe da subvención solicitada e porcentaxe que representa en función do gasto:

-----  
 -----  
 -----  
 -----

- Importe financiable exclusivamente pola entidade (mínimo 5% do importe do gasto do proxecto presentado):

-----  
 -----  
 -----  
 -----

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018  
 (DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.: \_\_\_\_\_

**ANEXO IV****DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN**

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ provista/o do NIF núm \_\_\_\_\_ na súa cualidade de (presidenta/e, secretaria/o; tesoureira/o...) \_\_\_\_\_ da entidade \_\_\_\_\_ con enderezo social \_\_\_\_\_ e con CIF núm \_\_\_\_\_

**DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE:**

1.- Esta entidade (*marque cunha cruz a opción que proceda*) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

- SI \*
- NON

\*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2018, esta entidade solicitou/ recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA
TOTAL		
SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO.
TOTAL		

2.- A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita subvención vaise efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.



4.- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6.- Que esta entidade ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2018.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.:\_\_\_\_\_

**ANEXO V**

**MEMORIA DA ACTUACIÓN AOS EFECTOS DE XUSTIFICACIÓN DO DESENVOLVEMENRO DO PROGRAMAS E ACTIVIDADE SUBVENCIOADA.**

- Denominación:

-----  
 -----

-Descrición pormenorizadas das actuacións levadas a cabo (En que consistiu exactamente a actividade para a que se lle concedeu a subvención):

-----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----

- Interese xeral desta.

-----  
 -----  
 -----

-Explicar, de ser caso, o carácter permanente e continuo da actividade ou programa:

-----  
 -----  
 -----

-Explicar, de ser caso, a orixinalidade e carácter innovador, da actividade ou programa:

-----  
 -----  
 -----  
 -----

-Explicar, de ser caso, que se trata de actuacións dirixidas a colectivos en especial situación de desvantaxe ou con especiais dificultades de inserción social.

-----  
 -----  
 -----  
 -----

-Explicar, de ser caso, que se trata de programas en zonas do municipio con menor incidencia da acción e participación social e explicar se o programa se desenvolve, ou non , en zonas rurais pertencentes ao termo municipal de Lugo.

-----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----

-Enumerar e explicar todos e cada un dos obxectivos acadados:

-----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----

-Colectivo ao que se dirixiron as actuacións (*marque cunha cruz a opción ou opcións que procedan*).

- XOVES MENORES DE 25 AÑOS DEMANDANTES DO PRIMEIRO EMPREGO E QUE ABANDONARAN PREMATURAMENTE A FORMACIÓN REGRADA O QUE PRESENTEN FRACASO ESCOLAR.
- PARADOS DE LONGA DURACIÓN
- FAMILIA.
- INFANCIA.
- PERSOAS MAIORES.
- PERSOAS DISCAPACITADAS: FÍSICAS, PSÍQUICAS E SENSORIAIS.
- PERSOAS RECLUSAS E/OU EX-RECLUSAS.
- PERSOAS MARXINADAS SEN FOGAR E TRANSEÚNTES.
- PERSOAS TOXICÓMANAS (ALCOHÓLICAS E DROGODEPENDENTES).
- PERSOAS REFUXIADAS E ASILADAS.
- PERSOAS INMIGRANTES.
- PERSOAS ENFERMAS PSIQUIÁTRICAS NON INSTITUCIONALIZADAS.
- PERSOAS ENFERMAS TERMINAIS.
- MINORÍAS ÉTNICAS.

-Explicar, de ser caso, a especialización, coa que conta a entidade, na atención aos colectivos aos que se dirixiu a acción subvencionada:

-----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----

-Número total de persoas destinatarias e características xerais destas:

-----

-----  
-----  
-----  
-----  
-----

-Número total de persoas beneficiarias directas:

-----  
-----  
-----

-Número total de persoas beneficiarias indirectas:

-----  
-----  
-----

-Idade aproximada das persoas beneficiarias que participaron no desenvolvemento da acción subvencionada:

-----  
-----  
-----

-Especificar o número de persoas beneficiarias (especificar o número de persoas beneficiarias directas e indirectas, idades aproximadas, características destas; número de homes e o de mulleres...):

-----  
-----  
-----  
-----  
-----

- Calendario/ Duración do proxecto (especificar se hai algúns meses nos que a participación é maior...):

-----  
-----  
-----  
-----  
-----

- Lugar no que se desenvolveron as actuacións:

-----  
-----  
-----  
-----

- Recursos utilizados para a execución do proxecto:

-----  
-----  
-----  
-----

a) Materiais:

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

b) Humanos:

-----

-----

-----

-----

-----

c) Económicos (subvencións/achega socias/os):

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS REALIZADOS NO DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

<u>RELACIÓN DE GASTOS</u>	<u>CONTÍA</u>
- Gastos de alugamento	
- Gastos de persoal (monitores...)	
- Gastos de transporte (viaxes...)	
- Gastos ...	
...	
<u>TOTAL</u>	

O orzamento presentado no seu día ascendía a:

-----

-----

-----  
-----

O orzamento realmente executado ascende a:

-----  
-----  
-----

Existe (marque cunha cruz a opción que proceda)

- SI
- NON

unha desviación (*diferenza entre o orzamento presentado e o realmente executado*) de\_\_\_\_\_€. En caso afirmativo especificar os motivos:

-----  
-----  
-----  
-----  
-----

RELACIÓN CLASIFICADA DE FACTURAS PRESENTADAS PARA XUSTIFICAR O IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN:

Núm. factura	Data emisión.	Concepto	Acredor	Importe	Data pagamento
....					

TOTAL \_\_\_\_\_ €

RELACIÓN CLASIFICADA DE FACTURAS PRESENTADAS PARA XUSTIFICAR O 5 % DO CUSTO TOTAL DA ACCIÓN SUBVENCIÓNADA SEGUNDO O ORZAMENTO DA ACTIVIDADE PRESENTADA NO SEU DÍA:

Núm. factura	Data emisión.	Concepto	Acredor	Importe	Data pagamento

....					

TOTAL \_\_\_\_\_ €

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

Asdo.: \_\_\_\_\_

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.: \_\_\_\_\_

**ANEXO VI**

**MEMORIA DE ACTUACIÓN AOS EFECTOS DE XUSTIFICAR A EXECUCIÓN DE GASTOS DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DE INFRAESTRUCTURAS..**

-Breve descripción do gasto en mantemento e reparacións:

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-----

-Enumerar e explicar pormenorizadamente todos e cada un dos obxectivos cumpridos:

-----

-----

-----

Número de total e características das persoas que resultaron beneficiarias:

-----

-----

-----

Núm de varónse idades medias :

-----

-----

Núm de hembras e idades medias destas:

-----

-Breve descripción das actividades desenvolvidas pola entidade dende o día 1 de xaneiro ata o día 31/12/2018:

-----

-----

-----

-----



-----  
-----  
-----

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS REALIZADOS NO DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

<u>RELACIÓN DE GASTOS</u>	<u>CONTÍA</u>
- Gastos de pequenas reparacións.	
- Gastos de mantemento e conservación de bens propios ou alugados.	
- Gastos de material non inventariable.	
- Gastos de limpeza.	
- Gastos de gas, electricidade, teléfono, combustible.	
- Gastos de vestiario.	
- Gastos de produtos alimenticios, sanitarios.	
- Gastos de publicidade, imprenta...	
<u>TOTAL</u>	

O orzamento presentado no seu día ascendía a:

-----  
-----  
-----

O orzamento realmente executado ascende a:

-----  
-----  
-----

Existe (marque cunha cruz a opción que proceda)

- SI
- NON

unha desviación (*diferenza entre o orzamento presentado e o realmente executado*) de \_\_\_\_\_€. En caso afirmativo especificar os motivos:

-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----

RELACIÓN CLASIFICADA DE FACTURAS PRESENTADAS PARA XUSTIFICAR O IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN:

Núm. factura	Data emisión.	Concepto	Acredor	Importe	Data pagamento
....					

TOTAL \_\_\_\_\_ €

RELACIÓN CLASIFICADA DE FACTURAS PRESENTADAS PARA XUSTIFICAR O 5 % DO CUSTO TOTAL DA ACCIÓN SUBVENCIONADA SEGUNDO O ORZAMENTO PRESENTADO NO SEU DÍA:

Núm. factura	Data emisión.	Concepto	Acredor	Importe	Data pagamento
....					

TOTAL \_\_\_\_\_ €

Lugo, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.: \_\_\_\_\_

**ANEXO VII****DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN**

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ provista/o do NIF núm \_\_\_\_\_ na súa cualidade de (presidenta/e, secretaria/o; tesoureira/o...) \_\_\_\_\_ da entidade \_\_\_\_\_ con enderezo social \_\_\_\_\_ e con CIF núm \_\_\_\_\_

**DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE:**

1.- Esta entidade (marque cunha cruz a opción que proceda) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- SI  
 NON

\*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2018, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía).

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO

2.- A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se concedeu a subvención efectuouse nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.

4.- As facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- Conteñen gastos que xa lle foron aboados á persoa e/ou entidade debedora agás naqueles nos que se acredita a devindicación, pero a data efectiva de aboamento é posterior; suposto este no que se presentará a documentación tan pronto como se dispoña dela.

6.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións como asalariado nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

7.- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2018.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

(DNI, sinatura e selo da entidade).

Asdo.:\_\_\_\_\_

## ANEXO VIII

**DECLARACIÓN XURADA DE QUE A ACTIVIDADE, PROXECTO, OBXECTIVO, OU PROGRAMA SUBVENCIONADO VAISE CONTINUAR DESENVOLVENDO ATA O DÍA 31 DE DECEMBRO DO PRESENTE EXERCICIO ECONÓMICO CUMPRINDO AS CONDICIÓNS IMPOSTAS NA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.**

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ provista/o do NIF núm \_\_\_\_\_ na súa cualidade de (presidenta/e, secretaria/o; tesoureira/o...) \_\_\_\_\_ da entidade \_\_\_\_\_ con enderezo social \_\_\_\_\_ e con CIF núm \_\_\_\_\_

**DECLARO:**

**ÚNICO:** que a actividade, proxecto, obxectivo, ou programa subvencionado vaise continuar desenvolvendo ata o día 31 de decembro do presente exercicio económico cumprindo as condicións impostas na concesión da subvención.

É para que conste e, ante o Concello de Lugo, produza os efectos oportunos, asino a presente en Lugo a , \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

(DNI, sinatura e selo da entidade).

Asdo.: \_\_\_\_\_”

**CUARTO:** Que se proceda á publicación do extracto da convocatoria no BOP , por conducto da BDNS, e do texto íntegro deste no Boletín Oficial da Provincia (BOP); no Taboleiro de Edictos e na paxina web do Concello de Lugo.

**QUINTO.-** Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Concencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto.

Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

O que se fai público para xeral coñecemento, as persoas interesadas poderán presentar as solicitudes que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo **de 20 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP, por conducto da BDNS.

Por medio do presente faise público que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día 10 de OUTUBRO de 2018, adoptou, entre outros, o acordo número 14/577, polo que se **ACORDA:**

**PRIMEIRO-** Que se proceda á convocatoria para o exercicio 2018 das subvencións para persoas con discapacidade física e afectadas de graves dificultades de mobilidade para gastos do transporte en taxi adaptado de conformidade coas Bases establecidas no presente procedemento de concorrencia competitiva.

**SEGUNDO-** Que se aprobe o gasto de 5.000 € a que ascende o importe total das subvencións que os servizos sociais outorgarán a esta finalidade con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900. ( RC 53611)

**TERCEIRO-** Que se proceda á aprobación das correspondentes bases; esta convocatoria rexerá polo establecido nas seguintes bases:

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA E AFECTADAS DE GRAVES DIFICULTADES DE MOBILIDADE PARA GASTOS DO TRANSPORTE EN TAXI ADAPTADO-EXERCIZO 2018.**

**Primeira-Obxecto da convocatoria**

Esta convocatoria ten por obxecto regular, para o exercizo económico de 2018 a concesión de subvencións individuais para transporte en taxi adaptado de persoas con discapacidade física gravemente afectadas na súa mobilidade, e que non poden facer uso, con carácter xeral, de medios de transporte público.

**Segunda-Contía e crédito orzamentario.**

A presente convocatoria conta cun crédito orzamentario de 5.000 € na partida orzamentaria de 23179.48900.

**Terceira-Requisitos das persoas solicitantes.**

Poderán solicitar estas axudas as persoas que reunan os seguintes requisitos:

1-Ter unha idade mínima de 4 anos.

2-Estar empadroad/a no Concello de Lugo cunha antigüidade mínima de 1 ano anterior á presentación da solicitude e durante a percepción da axuda.

3-Ter recoñecida a condición legal de discapacidade que afecte gravemente a súa mobilidade non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de discapacidade, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

4- Non ser propietario/a de vehículo.

Situacións especiais: As persoas con discapacidade que pola súa situación de discapacidade, exercitaran dereitos e obtido beneficios sobre a adquisición e/ou adaptación dun vehículo poderán solicitar estas axudas soamente para os períodos e/ou viaxes en que, por causas sobrevidas, e debidamente xustificadas, se vexan imposibilitadas para utilizar o mesmo. Todo isto sempre e cando cumpran os requisitos establecidos nesta disposición.

5-Para as persoas que traballen, no ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo do dito beneficio.

6. Non dispor duns recursos económicos persoais superiores a 2 veces o IPREM vixente, 12 pagas, (12.908,06 € anuais).

7-. Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (Delegación de facenda en Lugo sita na Rúa da Raíña), pola Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia (Edificio administrativo da Xunta de Galicia sito na Ronda da Muralla), Dirección Territorial do Instituto Nacional da Seguridade Social (sito na Ronda Músico Xosé Castiñeira) respectivamente.

No momento da solicitude da subvención, este aspecto poderá ser acreditado para estes efectos, coa declaración responsable incluída no ANEXO II destas bases, e no momento da xustificación da axuda deberá acreditarse mediante a presentación das correspondentes certificacións.

8-Ter regulamentariamente xustificadas as subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo, para o cumprimento de fins análogos, durante os dous exercizos económicos anteriores.

**9-Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario/a da subvención** de conformidade co artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.

10-Ter solicitada a axuda transporte sanitario facilitada polo SERGAS, cando o desprazamento veña motivado por razóns de saúde e sexa facilitado polo SERGAS, dita comprobación e verificación levarase a cabo pola unidade xestora e realizarase no prazo de xustificación, conlevará a perda da axuda municipal no caso de non terse solicitado ou terse concedida a través do SERGAS.

11- Non ter dereito a este Servizo a través de ISFAS, MUFACE ou outra entidade.

**Cuarta-Contía da Axuda e criterios de valoración.**

A contía máxima da axuda a cada persoa solicitante será de 800 € anuais a excepción das persoas empadroadas na zona rural, en dito caso o límite máximo da contía subvencionable establécese en 1.000 € anuais.

Se polo número de solicitudes que reúnen os requisitos a cantidade que correspondería a tódalas persoas solicitantes superase a cantidade consignada nos orzamentos para esta finalidade a adxudicación da axuda individual farase en primeiro lugar primando as persoas solicitantes que residan na zona rural e en segundo as que teñan menos ingresos. Non obstante, o órgano competente para resolver poderá proceder ó rateo, entre as

persoas beneficiarias da subvención, do importe global máximo establecido na convocatoria, segundo se establece no artigo 22 da Lei 38/2003.

**Quinta-Forma e prazo de presentación das solicitudes.**

A)-As persoas interesadas presentarán as súas solicitudes en modelo normalizado (ANEXO I destas bases) no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP, por conducto da BDNS. O texto destas bases publicarase íntegramente no Boletín Oficial de Provincia de Lugo (BOP); no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Lugo; se ben a publicación do anuncio da convocatoria no BOP, por conducto da BDNS, será a data a ter en conta ós efectos de presentación de solicitudes, e acompañaranse dos documentos e informacións que se sinalan no parágrafo B desta disposición, agás que estes xa estiveran en poder do Concello, facendo constar, neste suposto, a data e dependencia ou órgano ante o que se presentaron, hai que ter en conta que a documentación ten que estar plenamente actualizada.

B)-A persoa interesada deberá acompañar á solicitude a seguinte documentación:

B1)-Fotocopia do DNI/NIE/PASAPORTE da persoa solicitante ou, se é o caso, do representante legal

B2)-Fotocopia do Libro de Familia, se é o caso.

B3)-Certificado de empadramento agás se autorice expresamente ó Concello de Lugo para a comprobación, de oficio, da circunstancia de estar empadornado.

B4)-Certificación de discapacidade expedido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou Resolución do INSS de ter dereito a Incapacidade Permanente (Total, Absoluta ou Grande Invalidez) xunto coa solicitude de ter instado certificado do equipo de valoración e orientación, en todo caso aos efectos de resolver a solicitude deberá acreditarse imposibilidade de utilización do transporte público colectivo expedido polo equipo de valoración e orientación.

B5)-Informe médico emitido pola Sección de Cualificación e Valoración de Discapacidades acreditativo da imposibilidade de utilización do transporte público colectivo (só para o suposto de que esta circunstancia non se reflicta na certificación de discapacidade)

B6) Xustificación documental dos recursos económicos:

Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante que achegará:

Fotocopia da declaración da renda correspondente ao último exercizo fiscal cuxo período de presentación da correspondente declaración vencese na data de presentación da solicitude ou, se é o caso, certificación da Axencia Estatal Tributaria de non ter a obriga de presentala e certificación ou certificacións das correspondentes entidades pagadoras de se-lo caso.

No caso de que a persoa solicitante tivera cónxuxe ou parella de feito entenderase como renda persoal a metade da suma de ingresos da parella e terá que achegar a mesma documentación ca persoa solicitante.

Se o solicitante carecese de ingresos, valoraranse os ingresos da/s persoa/s das que dependa economicamente (pai, nai, titores etc) Neste caso achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa, correspondente ao último exercizo fiscal cuxo período de presentación da correspondente declaración vencese na data de presentación da solicitude ou, se é o caso, certificación da Axencia Estatal Tributaria de non ter a obriga de presentala e certificación ou certificacións das correspondentes entidades pagadoras de se-lo caso.

A maiores, nos casos de pensionistas, certificación anual do Organismo correspondente acreditativa das cantidades percibidas durante o último exercizo económico vencido con anterioridade á data da convocatoria, ou certificación negativa de non percepción de pensión.

B7)-No caso de persoas traballadoras, declaración xurada de non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo de dito beneficio.( ANEXO II)

B8)-Declaración responsable de non ser titular de vehículo automóbil propio. (ANEXO II)

B9)-Declaración responsable de utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termo municipal de Lugo, salvo viaxes excepcionais fundamentados e que se deberán xustificar . (ANEXO II)

B10)- Declaración responsable de ter solicitada a axuda transporte sanitario facilitada polo Sergas. (ANEXO II)

B11)-Declaración responsable de non encontrarse, a persoa solicitante, inhabilitada ou estar incurso en prohibición para acceder á condición de persoa beneficiaria de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. (ANEXO II)

B12)-Declaración responsable das subvencións ou axudas solicitadas e/ou percibidas pola persoa solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.(ANEXO II)

B13)-Declaración responsable de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, incluíndo as municipais e fronte á Seguridade Social. (ANEXO II)

B14)-Certificación bancaria do número de conta da persoa beneficiaria aos efectos de realizar o ingreso da subvención a conceder.

B15)-Outros documentos que se estimen oportunos

A unidade xestora poderá solicitar calquera outra documentación que se considere convinte na instrución do procedemento.

#### **Sexta-Subsanación da solicitude e publicidade da concesión.**

Se a solicitude presentada pola persoa interesada ou representante legal non reúne os requisitos establecidos nestas bases e/ou non achega a documentación indicada ou esta está incompleta e/ou adolece dalgún defecto; requiriráselle para que, no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles, a achegue, complete e/ou enmende as deficiencias observadas; indicándolle que se así non o fixera, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 21 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

Non será necesaria a publicación na BDNS, no taboleiro municipal de edictos nin na páxina web do Concello de Lugo das subvencións outorgadas ao amparo desta convocatoria porque son concedidas a persoas físicas afectadas por situacións de desvantaxe económica e social, e a súa difusión sería contraria ao respecto e salvagarda do seu honor e intimidade persoal e familiar

#### **Sétima-Instrución do procedemento.**

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nas presentes Bases axustaránse ó establecido nos artigos 26, 27, 28 y 29 da Ordenanza Municipal de Subvencións; nos artigos 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia concordantes cos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións coas seguintes precisións

Unha vez a documentación estea completa o órgano instructor, que será un/unha técnico/a municipal adscrito a Servizos Sociais, emitirá un informe proposta acerca do cumprimento ou incumprimento dos requisitos establecidos na presente convocatoria, podendo solicitar cantos informes considere oportuno.

A avaliación das solicitudes corresponderálle a unha Comisión de Valoración que terá a seguinte composición:

PRESIDENTE/A:

Unha técnica adscrita ao servizo de Benestar social, Igualdade e inclusión ou persoal que o substitúa.

VOGAIS:

Un/Unha técnico/a do servizo de servizos sociais.

Titular do órgano de apoio a Xunta de Goberno Local ( Vicesecretaria) ou persoa que o substitúa.

Interventor xeral ou persoa que o substitúa

SECRETARIA:

Unha técnica adscrita ao servizo de Benestar social, Igualdade e inclusión ou persoal que o substitúa.

#### **Oitava-Órgano competente para resolver.**

No referente ao órgano competente para a tramitación e resolución deste expediente, subvencións en réxime de concorrencia competitiva, a Xunta de Goberno Local resérvase, segundo acordo 4/455 de data sete de xullo de dous mil quince, o exercicio das atribucións referentes á concesión de subvencións (disposición do gasto) nos expedientes de subvencións tramitados en réxime de concorrencia competitiva.

#### **Novena-Prazo de resolución.**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de DOUS meses, contados a partir do día seguinte ó da finalización do prazo establecido para a presentación de instancias. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

#### **Décima-Aceptación da subvención.**

A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte hábil ó da notificación non renunciaran a ela expresamente mediante escrito dirixido ó órgano concedente.

#### **Undécima-Reformulación e subcontratación.**

Non se admite a reformulación das solicitudes e as actividades obxecto de subvención e non poderán ser obxecto de subcontratación.



Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

**Décimo segunda-Gastos subvencionables e período de realización.**

Os gastos que se poden xustificar coa subvención concedida serán os correspondentes ós de transporte exclusivamente efectuados por calquera dos taxis adaptados existentes no municipio en Lugo.

Serán financiáveis unicamente os desprazamentos dentro do termo municipal de Lugo, salvo viaxes excepcionais fundamentados e que se deberán xustificar .

O período de realización dos gastos será dende o 1 de xaneiro ata o 30 de decembro do exercizo económico vixente.

**Décimo terceira-Forma e prazo de xustificación.**

1-Para proceder ó pagamento da subvención a persoa beneficiaria deberá xustificar a aplicación da axuda mediante a presentación da seguinte documentación:

a)-Memoria (ANEXO III).

b)-Facturas, e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.D. 1496/2003, do 28 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, que se presentarán en documento orixinal, ou fotocopia dilixenciada.

c)-Deberá presentar asimesmo declaración responsable:

-De que a actividade para o que se solicita subvención se efectuou nos termos establecidos nas bases reguladoras deste tipo de subvencións.

-De que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

.Non foron nin serán presentadas como xustificación doutra subvención pública ou privada (segundo modelo no ANEXO III)

.Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.:

.Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora, é dicir, que xa foron realmente pagados.

-Das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade ANEXO III)

d)-Certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social acreditativas de estar ao día nas obrigas tributarias e sociais e certificación da Consellería de Facenda e do Concello de Lugo de non ter débeda algunha por ningún concepto coa facenda autonómica e local respectivamente.

Os documentos presentados deberán ser validados e estampillados polo servizo municipal xestor do expediente administrativo cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica, na porcentaxe que corresponda en cada caso, á xustificación da subvención ou convenio concreto.

Os documentos serán orixinais, e se se presentasen fotocopias deberán ser compulsadas polo servizo xestor, de conformidade co que se estableza nas bases de execución do presuposto.

**Décimo cuarta-Data límite para xustificar.Pagamento.**

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do 30 de decembro do exercizo económico de 2018. Transcorrido este prazo pódense dar dous supostos:

a)-Que as persoas beneficiarias presenten a xustificación; pero que está, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este extremo poñerase no seu coñecemento, concedéndolle un prazo de dez días para cumplimentalo.

b)-Que as persoas beneficiarias non presente a xustificación. Neste suposto requeriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións.A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se admite o pagamento anticipado nin pagos parciais

**Décimo quinta-Incumprimentos, Réxime de infraccións e sancións.**

Incumprimentos: A cantidade a pagar graduarase conforme aos importes xustificadas e atendendo ao principio de proporcionalidade, sempre que reunan os requisitos necesarios.

O réxime de infraccións e sancións así como o procedemento sancionador será o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Décimo sexta-Compatibilidade.**

As subvencións que se outorguen ó abeiro da presente convocatoria serán compatibles con outras para a mesma fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o custo total da actividade. No caso de existir sobrefinanciación o beneficiario/a deberá proceder ó reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

**Décimo sétima: Anexos.**

ANEXOS I: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE TRANSPORTE EN TAXI ADAPTADO-EXERCIZO 2018.

ANEXO II: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE AOS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

ANEXO III: MODELO DE MEMORIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE AOS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

## ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE TRANSPORTE EN TAXI ADAPTADO-EXERCIZO 2018.DATOS DO/DA SOLICITANTE.

NOME:

APELIDOS:

DNI:

DATA NACEMENTO:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

E-MAIL

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (debidamente acreditada e só nos supostos de persoas incapacitadas xudicialmente ou de menores de idade)

NOME:

APELIDOS:

DNI:

DATA NACEMENTO:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

E-MAIL

DATOS RELATIVOS Á UNIDADE DE CONVIVENCIA.

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	INGRESOS ANUAIS

## SOLICITO

A concesión de axuda económica para sufragar gastos de transporte en taxi adaptado para o exercizo económico vixente.

Autorizo expresamente ao Concello de Lugo a comprobar, de oficio, a circunstancia de estar empadroad/a no Concello de Lugo, a titularidade de vehículos e a que solicite e subministre, a través de medios informáticos, ou telemáticos os meus datos contidos en ficheiros e recabar a información adicional necesaria ( a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia Administración, doutras Administracións Públicas e/ou entidades privadas co obxecto de tramitar este procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican dita cesión.

Asimismo e para o caso de resultar beneficiario/a autorizo a remisión dos meus datos persoais ós titulares de licenza de taxi adaptado en Lugo.

Que de resultar beneficiario/ acepto as obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e no artigo 11 da Ordenanza Municipal de subvencións .

En Lugo, a                      de                      de 2018

Sinatura da persoa solicitante ou representante legal

Xúntase á presente solicitude a documentación sinalada no dorso, que se presentará de acordo cos modelos dos ANEXOS

**DOCUMENTACIÓN XERAL:**

- Fotocopia do DNI/NIE/ da/do solicitante ou do representante legal.
- Fotocopia do Libro de Familia, se é o caso.
- Certificación de discapacidade expedido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou Resolución do INSS de ter dereito a Incapacidade Permanente (Total, Absoluta ou Grande Invalidez) xunto coa solicitude de ter instado certificado do equipo de valoración e orientación.
- Informe emitido pola Sección de Cualificacións e valoración da discapacidade e da imposibilidade de utilización do transporte público colectivo, ( só para o suposto de que esta circunstancia non se reflecta na certificación de discapacidade).
- Certificado de empadramento agás se autorice expresamente ao Concello de Lugo para a comprobación, de oficio, da circunstancia de estar empadroad/a.
- Declaración da Renda e/ou certificacións conforme ao establecido na cláusula quinta parágrafo B7).
- Declaracións xuradas (ANEXO II)
- Certificación bancaria aos efectos de ingreso de ser beneficiario/a

ANEXO IIMODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE AOS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓND./D.<sup>a</sup>

con DNI núm.

A-COMO SOLICITANTE

B-COMO REPRESENTANTE LEGAL DE D/D<sup>a</sup>DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1-Que (si ou non) solicitei e recibín, subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- SI \*
- NON

\*Ata o día de hoxe e referidos ó exercicio económico de 2018, o/a que subscribe solicitou/ recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO.

2-Que estou ao corrente no cumprimento das miñas obrigas fiscais fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo respectivamente.

3-Que non estou inhabilitado/a nin incurso/a en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario/a da subvención.

4.- Que si  non  (marcar o que proceda) son titular de vehículo propio.

No caso de dispoñer do mesmo manifesto que unicamente vou solicitar estas axudas para aqueles períodos e/ou viaxes en que, por causas sobrevidas, e debidamente xustificadas, me vexa imposibilitado para utilizar o mesmo.

5.-Que me comprometo a utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termo municipal salvo viaxes excepcionais fundamentados que serán xustificadas .

6.-Que me comprometo a solicitar a axuda de transporte sanitario facilitado polo SERGAS cando proceda.

7.-Que non teño reconecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral o cualquier otro título acreditativo de dicho beneficio.

8.- Que non teño dereito a este Servizo a través de ISFAS, MUFACE, ou outra entidade.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018.

(DNI, NIE, sinatura do/da solicitante ou representante legal)

ANEXO IIIMODELO DE MEMORIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE AOS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓND./D.<sup>a</sup>

NIF. nº:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1-Que durante o presente exercizo económico e con cargo á subvención concedida realizáronse (especificar número de viaxes realizados en taxi adaptado) para desprazamentos dentro do termo municipal salvo viaxes excepcionais fundamentados e que xustifico coa correspondente documentación .

2-Que o gasto realizado ascende a (especificar cantidade)

3-Que (si ou non) recibíu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

 SI \*

 NON

\*Ata o día de hoxe e referidos ó exercizo económico de 2018, solicitei/ recibín outra subvención (indicar procedencia e contía):

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO.

2-A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se concede a subvención efectúouse nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día.

3- Que a persoa abaixo asinante encóntrase ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, o cal acredito coa presentación das correspondentes certificacións e **AUTORIZO ao Concello de Lugo aos efectos de levar a cabo as comprobacións correspondentes** en relación ás certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria e o Concello de Lugo.

4-Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

-Non foron, nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de subvención pública ou privada algunha.

-Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

-Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

5-A actividade, proxecto, obxectivo, programa para o que se concedeu subvención efectuouse nos termos solicitados.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

(DNI, sinatura da persoa solicitante ou da autorizada.)

Asdo.:\_\_\_\_\_

CUARTO.- O texto destas bases publicarase íntegramente no Boletín Oficial de Provincia de Lugo (BOP); no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Lugo; se ben a publicación da convocatoria no BOP, por conducto da BDNS, será a data a ter en conta ós efectos de presentación de solicitudes,

QUINTO.- Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer ante a Xunta de Goberno Local o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, (BOE,núm. 236, de 02/10/2015), no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

**O que se fai público para xeral coñecemento, as persoas interesadas poderán presentar as solicitudes que estimen oportunas** no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **no prazo de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP, por conducto da BDNS.**



Lugo, 11 de outubro de 2018.- A Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (Decreto 16005312 do 05/07/2016, modificado polos decretos números 16008543 do 09/11/2016 e 18003431 do 26/04/2018), Ana María González Abelleira

R.2918

### Anuncio

TESOURERIA / TESORERIA

RECADACION EXECUTIVA – RECAUDACIÓN EJECUTIVA

#### EDICTO DE VENDA POR XESTIÓN DIRECTA

Celebrada en data 04 de outubro de 2018, a apertura de sobres correspondentes a fase de adxudicación directa de vehículos, e resultando os mesmos sin adxudicar, a Mesa de poxa, previa deliberación, acorda a apertura dun segundo prazo para a presentación de ofertas, que será de UN MES, contado desde a data de publicación do presente edicto.

As bases para participar no procedemento son as publicadas no BOP LUGO Nº193 de 28 de agosto de 2018.

Se ben, a modo de resumen os requisitos indispensables para participar son os seguintes:

1. Constitución dun depósito por importe do 20 por 100 do tipo de poxa en primeira licitación que se ingresará no número de conta de ABANCA ES59 2080 0101 5631 1000 0947, indicando en concepto: Depósito adxudicación directa de vehículos: nome e DNI do ofertante e matrícula do vehículo polo cal realiza a oferta.
2. O prezo mínimo de saída nesta adxudicación directa, será o tipo de poxa en primeira licitación.
3. As ofertas presentaranse en sobre pechado no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo en horario de 9.00 a 14.00 horas.
4. O sobre conterá escrito asinado polo ofertante ou representante con poder suficiente e bastante, no que debidamente identificado, se indique o prezo da oferta para a adxudicación directa do ben ou lote polo que se desexe optar.

Os bens obxecto de alleamento son os que se describen a continuación:

LOTE	NIF/CIF	MATRICULA	MARCA Y MODELO	BASTIDOR	VALORACION	TIPO 1ª LICIT.
1	33334565K	3756BHP	PEUGEOT EXPERT	VF3BARHZA12809048	1.630,00€	1.630,00€
2	33829283D	LU6629T	AUDI A6 2.3 I 5V	WAUZZZ4AZTN091382	1.710,00€	1.710,00€
3	34317906C	PO7787BJ	PEUGEOT 206 XR	VF32AHFZE40004007	820,00€	820,00€
4	33334050N	PO9163BM	CITROEN XSARA 19TD SX 5P	VF7N1DHYF36681107	1.150,00€	1.150,00€
5	33336739X	1931GGV	PEUGEOT 407	VF36DRHRH21725896	5.376,00€	5.376,00€
6	B27193622	6191FHR	CITROEN C1 1.0	VF7PNCFAC89098150	1.066€	1.066€
7	33303676K	6944BWD	VOLKSWAGEN BORA	WVWZZZ1JZ2W663108	1.810,00€	1.810,00€
8	B27277649	2788CXV	HYUNDAI ACCENT	KMHCG51VP4U228311	1.010,00€	1.010,00€
9	B27277649	4134CRP	MERCEDES M 270	WDC1631131A475194	3.450,00€	3.450,00€
10	33604515C	LU9984P	OPEL ASTRA 1 7 TD	W0L000056S5105350	940,00€	940,00€
11	33827538N	4474CHN	SEAT TOLEDO 1.9	VSSZZZ1MZ3R120302	720,00€	720,00€
12	33812468F	4815BHX	AUDI AUDI 80 1.9 TDI	WAUZZZ8CZPA072024	1.430,00€	1.430,00€
13	33811069B	4280FWH	PEUGEOT 307	VF33C9HXC84946477	3.306,00€	3.306,00€
14	33540191G	0274BRH	SEAT IBIZA 1.9 TDI 3P.	VSSZZZ6KZ2R073259	730,00€	730,00€

15	33332541K	LU2798W	PEUGEOT 106 MAX 1.1	VF31CHDZE52375558	720,00€	720,00€
16	33851041D	7604BNL	RENAULT CLIO	VF1CB1N0F24749163	1.210,00€	1.210,00€
17	33541165N	00168CC	BMW 316I	WBAAL11090JN12895	1.580,00€	1.580,00€
18	33535546M	LU0198X	FORD FOCUS 4PUERT PORTON 1.	WF0AXXWPDAXM48934	1.500,00€	1.500,00€
19	33591947X	LU8212T	MERCEDES 200 D	WDB1241201A279557	1.940,00€	1.940,00€
21	B27283076	7190CBJ	BMW 320 D	WBAAL71040CA47792	1.930,00€	1.930,00€
22	76557889C	9264BRT	VOLKSWAGEN BEETLE 1.6 5V	WVWZZZ9CZ2M610154	1.500,00€	1.500,00€
23	B27124775	4151DJF	VOLVO S40	YV1MS763252100245	3.029,00€	3.029,00€
24	46856393B	9270CZB	CITROEN XSARA 2.0	VF7N1RHYB73870874	1.280,00€	1.280,00€
25	B27426683	1680FVS	FORD FIESTA	WF0CXXGJJC7E59128	1.957,00€	1.957,00€
26	B15797624	LU4453W	SEAT IBIZA 1.9 TDI 5P.	VSSZZZ6KZXR431576	730,00€	730,00€
27	X9386923W	C2948BX	VOLKSWAGEN PASSAT 1.9 TDI	WVWZZZ3BZWP408159	1.410,00€	1.410,00€
28	33553736W	5929BJV	RENAULT R. CLIO	VF1CB0J0E24443667	910,00€	910,00€
29	76616152R	2939FVM	ALFA ROMEO ALFA 147	ZAR93700005257677	2.465€	2.465€
30	33318281K	9292BZP	AUDI A 3 19 TDI	WAUZZZ8LZYA059389	2.370,00€	2.370,00€
31	32789391Q	0382BYY	RENAULT MEGANE	VF1BA0B0527370767	1.460,00€	1.460,00€
32	B27144864	4945FSG	MITSUBISHI COLT	XMCXJZ39A7F074579	2.850,00€	2.850,00€
33	33311148H	7243DMM	HYUNDAI GETZ	KMHBT51GP5U408722	1.170,00€	1.170,00€
34	33324015M	7885GBJ	RENAULT LAGUNA 1.5	VF1BT0A0638370433	5.544,00€	5.544,00€

Publíquense anuncios en medios de comunicación, así como no Tablón de Edictos do Excmo. Concello de Lugo.

O que se fai público para o seu xeral coñecemento.

Lugo, 15 de outubro de 2018.- A Tesoureira, **María Aránzazu Sastre Carracedo**.

R. 2891

### Anuncio

#### DECRETO NÚMERO 18008298 DO 04/10/2018

**Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tte. de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que polo Decreto número 17007052, de 3 de agosto de 2017, se resolveu convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición, para o acceso en propiedade a **unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola**, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna, que se rexerá tanto polas bases específicas aprobadas por acordo nº 9/475 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 26.07.2017 como polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA", aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado o 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014 (BOP de Lugo do 7.11.2014).

Dito Decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo", núm. 189, de 18 de agosto de 2017.

Dita resolución foi rectificada polo Decreto n.º 17007901, de 12 de setembro de 2017, publicado no «Boletín Oficial de la Provincia de Lugo» número 221, de 25 de setembro de 2017.

De igual xeito foi publicado extracto de dita convocatoria no “Diario Oficial de Galicia” núm. 230, de 4 de decembro de 2017 e anuncio no “Boletín Oficial do Estado” núm 9, de 10 de xaneiro de 2018.

Visto que con data do 30 de xaneiro de 2018 rematou o prazo de presentación de solicitudes de participación no mencionado proceso selectivo, esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 17007052, de 3 de agosto de 2017 (rectificado polo Decreto n.º 17007901, de 12 de setembro de 2017) para o acceso en propiedade a unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna, que a continuación se indica:

#### ADMITIDO

APELIDOS E NOME	DNI
LOPEZ FERNANDEZ, MARCOS	33335482-H

#### EXCLUÍDOS/AS

#### NINGUÉN.

